



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
Documento CON10I0MW	Expediente CON/6/2016



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 69.378,91 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 30 de xuño de 2016, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. María Rozas Pérez.

Vocais: D. Xan Duro, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Xaime Daniel Lugilde Fonseca, xefe sección prevención de riscos laborais.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste un representante de UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD-UNIPRESALUD.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	17/06/2016	29.492	UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD-UNIPRESALUD
2	17/06/2016	29.566	MGO BY WESTFIELD SL
3	17/06/2016	29.698	PREVISONOR S.L.
4	17/06/2016	29.721	CLINICA GAIAS

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) Medicina de traballo e vixilancia da saúde	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) Hixiene Industrial e apoio ao servizo propio
1	UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD-UNIPRESALUD	29.920,00	39.300,00
2	MGO BY WESTFIELD SL	19.104,00	30.848,00
3	PREVISONOR S.L.	25.650,00	27.565,24
4	CLINICA GAIAS	18.000,00	32.900,00



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1010MW	<i>Expediente</i> CON/6/2016	



Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0P6	Expediente CON/6/2016	

15078DCON10I0P69

**ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

LICITACIÓN: Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 69.378,91 €/ano máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 12/07/2016, ás 10:05 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna María Rozas Pérez

Vocais: D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Xaime Daniel Lugilde Fonseca, xefe sección prevención de riscos laborais.

Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora xeral Municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador GEROSALUD SL.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **GEROSALUD SL (CLINICA GAIAS)**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **50.900 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



**INFORME DA SECCIÓN MUNICIPAL DE
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

ASUNTO: Valoración das ofertas para o Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais para o Concello de Santiago de Compostela.

A Mesa de Contratación reunida o xoves día 30 de xuño de 2016, realizou a apertura do SOBRE Nº 2 de cada unha das empresas e entidades que presentaron a súa oferta, o cal contén a documentación da proposta para os criterios de adxudicación AVALIABLES mediante cifras ou porcentaxes.

A Mesa de Contratación remitiu a documentación do SOBRE Nº 2 de catro empresas ao funcionario municipal xefe de sección de prevención de riscos laborais, para informar sobre a súa valoración de acordo cos criterios de puntuación establecidos no prego.

O prego de cláusulas administrativas particulares aprobado polo concello para a contratación dun Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais para o Concello de Santiago establece os seguintes criterios de adxudicación:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

A1) Proposición económica ofertada. As ofertas valoraranse de 0 ata 66 puntos.

Outorgaráselle a puntuación máxima á oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, segundo o sinalado no parágrafo seguinte:

As empresas clasificaranse inicialmente pola orde de mellor a peor, segundo o criterio do "prezo máis baixo". Obtida a orde de prelación segundo o criterio anterior, outorgaráselle a puntuación máxima (66 puntos) á oferta máis baixa, aplicándolle ao resto das ofertas a fórmula seguinte, para determina-la súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

P_n: puntuación da oferta.

P_m: puntuación máxima posible.

O_b: importe da oferta máis baixa.

O_n: importe da oferta que hai que puntuar.

A2) Melloras gratuítas. As ofertas valoraranse de 0 ate 10 puntos.

....

A3) Proximidade do centro médico-sanitario do licitador para a realización dos recoñecementos médicos do persoal do concello. As Ofertas valoraranse ate 24 puntos.

....

Analizada toda a documentación presentada polas empresas,

INFÓRMASE O SEGUINTE:

Ao respecto do primeiro criterio de adxudicación “Proposición económica ofertada”.

As ofertas valoraranse de 0 ata 66 puntos.

As ofertas que constan son as seguintes (ordeadas de menor a maior prezo ofertado):

- 1º) OFERTA DE MGO by Westfield, PREZO TOTAL ANUAL: 49.952 € / ano.
- 2º) OFERTA DE GEROSALUD, PREZO TOTAL ANUAL: 50.900 € / ano.
- 3º) OFERTA DE PREVISIONOR, PREZO TOTAL ANUAL: 53.215,24 € / ano.
- 4º) OFERTA DE UNIPRESALUD, PREZO TOTAL ANUAL: 69.220 € / ano.

RESULTADO DA VALORACIÓN DAS OFERTAS NO PRIMEIRO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN:

Despois de aplicar a fórmula establecida no prego, os resultados das puntuacións parciais para o primeiro dos criterios de adxudicación, relativo á oferta económica, son os seguintes:

- OFERTA DE MGO by Westfield, VALORACIÓN: **66 PUNTOS.**
- OFERTA DE GEROSALUD, VALORACIÓN: **64,77 PUNTOS.**
- OFERTA DE PREVISIONOR, VALORACIÓN: **61,95 PUNTOS.**
- OFERTA DE UNIPRESALUD, VALORACIÓN: **47,63 PUNTOS.**

Ao respecto do segundo criterio de adxudicación “Melloras gratuítas”.

As ofertas valoraranse de 0 ate 10 puntos.

Valoraranse as melloras gratuítas ofrecidas polas empresas licitadoras asignándolle puntos a cada unha das melloras consideradas axeitadas ao contrato.

- Realización de probas médicas para a identificación e a diagnose precoz do cancro de próstata (parámetro-indicador do PSA ou probas equivalentes) complementarias das probas médicas dos recoñecementos médicos-laborais: 1 punto.
- Realización de probas médicas citolóxicas complementarias das probas que se inclúen nos recoñecementos médico-laborais. 1 punto.
- Realización de probas médicas para a identificación, cribado e a diagnose precoz do cancro colorrectal (proba de detección de sangue oculta en feces) para a prevención da súa incidencia no persoal municipal con idades de 50 anos ou máis: 1 punto.
- Impartición e certificación de formación en materia preventiva para o persoal municipal na modalidade a distancia, semi-presencial ou en liña, durante o período que dure o contrato, e que sexa equivalente á formación preventiva presencial e obrigatoria que xa está incluída no contrato: 2 puntos.
- Impartición e certificación de 2 edicións anuais de cursos presenciais de primeiros auxilios, de 3 horas de duración por cada edición, a realizar por cada ano de contrato, e impartido por persoal sanitario e con prácticas de soporte vital básico, RCP e desfibriladores semiautomáticos: 1 punto.

- Realización a cargo do adxudicatario de tratamentos de fisioterapia, naqueles casos nos que segundo o criterio diagnóstico do médico do traballo existan limitacións, restricións ou incompatibilidades para o posto de traballo dos traballadores municipais por causa das circunstancias persoais de saúde e cando segundo o criterio do médico do traballo, resulten axeitados estes tratamentos como medida de control e prevención dos riscos, e de recuperación das capacidades e aptitudes para desenvolver as actividades do posto de traballo, e para a protección da saúde fronte aos riscos no posto: 2 puntos.

- Realización a cargo do adxudicatario de terapias ou tratamentos de apoio psicolóxico nos casos nos que segundo o criterio diagnóstico do médico do traballo, poidan existir limitacións, restricións ou incompatibilidades para o posto de traballo por razón do estado de saúde e cando segundo o criterio do médico do traballo resulte axeitado como medida de prevención e control dos riscos, e de recuperación das capacidades e aptitudes para desenvolver as actividades do posto, e para a protección da saúde fronte aos riscos do estrés ou da tensión no ambiente laboral: 2 puntos.

PUNTUACIÓN DE MGO BY WESTFIELD:

MGO by WestField, en resumo, recolle na documentación da súa oferta as seguintes melloras que son valorables:

- Impartición e certificación de formación en materia preventiva para o persoal municipal na modalidade a distancia, semi-presencial ou en liña, durante o período que dure o contrato. 2 puntos.

- Impartición e certificación de 2 edicións anuais de cursos presenciais de primeiros auxilios, de 3 horas de duración por cada edición, a realizar por cada ano de contrato, e impartido por persoal sanitario e con prácticas de soporte vital básico, RCP e desfibriladores semiautomáticos: 1 punto.

- Realización de probas médicas para a identificación e a diagnose precoz do cancro de próstata (parámetro-indicador do PSA ou probas equivalentes) complementarias das probas médicas dos recoñecementos médicos-laborais: 1 punto.

-Realización de probas médicas para a identificación, cribado e a diagnose precoz do cancro colorrectal (proba de detección de sangue oculta en feces) para a prevención da súa incidencia no persoal municipal con idades de 50 anos ou máis: 1 punto.

- Realización a cargo do adxudicatario de terapias ou tratamentos de apoio psicolóxico nos casos nos que segundo o criterio diagnóstico do médico do traballo, poidan existir limitacións, restricións ou incompatibilidades para o posto de traballo por razón do estado de saúde e cando segundo o criterio do médico do traballo resulte axeitado como medida de prevención e control dos riscos, e de recuperación das capacidades e aptitudes para desenvolver as actividades do posto, e para a protección da saúde fronte aos riscos do estrés ou da tensión no ambiente laboral: 2 puntos.

Total das melloras gratuítas ofrecidas por MGO by WestField e que son valorables de acordo co establecido neste segundo criterio: 7 puntos.

As demais melloras incluídas na oferta de MGO by WestField non forman parte deste criterio do prego e non resultan puntuables.

PUNTUACIÓN DE GEROSALUD:

GEROSALUD, en resumo, recolle na documentación da súa oferta as seguintes melloras que son valorables:

- Realización de probas médicas para a identificación e a diagnose precoz do cancro de próstata (parámetro-indicador do PSA ou probas equivalentes) complementarias das probas médicas dos recoñecementos médicos-laborais: 1 punto.

- Realización de probas médicas citolóxicas complementarias das probas que se inclúen nos recoñecementos médico-laborais. 1 punto.

-Realización de probas médicas para a identificación, cribado e a diagnose precoz do cancro colorrectal (proba de detección de sangue oculta en feces) para a prevención da súa incidencia no persoal municipal con idades de 50 anos ou máis: 1 punto.

- Impartición e certificación de formación en materia preventiva para o persoal municipal na modalidade a distancia, semi-presencial ou en liña, durante o período que dure o contrato, e que sexa equivalente á formación preventiva presencial e obrigatoria que xa está incluída no contrato: 2 puntos.

- Impartición e certificación de 2 edicións anuais de cursos presenciais de primeiros auxilios, de 3 horas de duración por cada edición, a realizar por cada ano de contrato, e impartido por persoal sanitario e con prácticas de soporte vital básico, RCP e desfibriladores semiautomáticos: 1 punto.

- Realización a cargo do adxudicatario de tratamentos de fisioterapia, naqueles casos nos que segundo o criterio diagnóstico do médico do traballo existan limitacións, restricións ou incompatibilidades para o posto de traballo dos traballadores municipais por causa das circunstancias persoais de saúde e cando segundo o criterio do médico do traballo, resulten axeitados estes tratamentos como medida de control e prevención dos riscos, e de recuperación das capacidades e aptitudes para desenvolver as actividades do posto de traballo, e para a protección da saúde fronte aos riscos no posto: 2 puntos.

- Realización a cargo do adxudicatario de terapias ou tratamentos de apoio psicolóxico nos casos nos que segundo o criterio diagnóstico do médico do traballo, poidan existir limitacións, restricións ou incompatibilidades para o posto de traballo por razón do estado de saúde e cando segundo o criterio do médico do traballo resulte axeitado como medida de prevención e control dos riscos, e de recuperación das capacidades e aptitudes para desenvolver as actividades do posto, e para a protección da saúde fronte aos riscos do estrés ou da tensión no ambiente laboral: 2 puntos.

Total das melloras gratúitas ofrecidas por GEROSALUD e que son valorables de acordo co establecido neste segundo criterio: 10 puntos.

PUNTUACIÓN DE PREVISOR:

PREVISOR, en resumo, recolle na documentación da súa oferta as seguintes melloras que son valorables:

- Realización de probas médicas para a identificación e a diagnose precoz do cancro de próstata (parámetro-indicador do PSA ou probas equivalentes) complementarias das probas médicas dos recoñecementos médicos-laborais: 1 punto.

-Realización de probas médicas para a identificación, cribado e a diagnose precoz do cancro colorrectal (proba de detección de sangue oculta en feces) para a prevención da súa incidencia no persoal municipal con idades de 50 anos ou máis: 1 punto.

- Impartición e certificación de formación en materia preventiva para o persoal municipal na modalidade a distancia, semi-presencial ou en liña, durante o período que dure o contrato, e que sexa equivalente á formación preventiva presencial e obrigatoria que xa está incluída no contrato: 2 puntos.

- Impartición e certificación de 2 edicións anuais de cursos presenciais de primeiros auxilios, de 3 horas de duración por cada edición, a realizar por cada ano de contrato, e impartido por persoal sanitario e con prácticas de soporte vital básico, RCP e desfibriladores semiautomáticos: 1 punto.



- Realización de probas médicas para a identificación e a diagnose precoz do cancro de próstata (parámetro-indicador do PSA ou probas equivalentes) complementarias das probas médicas dos recoñecementos médicos-laborais: 1 punto.

Total das melloras gratuítas ofrecidas por PREVISONOR e que son valorables de acordo co establecido neste segundo criterio: 5 puntos.

PUNTUACIÓN DE UNIPRESALUD:

UNIPRESALUD, en resumo, recolle na documentación da súa oferta as seguintes melloras que son valorables:

- Realización de probas médicas para a identificación e a diagnose precoz do cancro de próstata (parámetro-indicador do PSA ou probas equivalentes) complementarias das probas médicas dos recoñecementos médicos-laborais: 1 punto.

- Impartición e certificación de formación en materia preventiva para o persoal municipal na modalidade a distancia, semi-presencial ou en liña, durante o período que dure o contrato, e que sexa equivalente á formación preventiva presencial e obrigatoria que xa está incluída no contrato: 2 puntos.

- Impartición e certificación de 2 edicións anuais de cursos presenciais de primeiros auxilios, de 3 horas de duración por cada edición, a realizar por cada ano de contrato, e impartido por persoal sanitario e con prácticas de soporte vital básico, RCP e desfibriladores semiautomáticos: 1 punto.

Total das melloras gratuítas ofrecidas por UNIPRESALUD e que son valorables de acordo co establecido neste segundo criterio: 4 puntos.

Ao respecto do terceiro criterio de adxudicación "Proximidade do centro médico-sanitario".

Valorarase a proximidade do centro médico-sanitario do licitador que conste na documentación da oferta e proposta técnica presentada e dentro do cal se realizarán os recoñecementos médicos do persoal municipal.

Darase maior puntuación ás ofertas técnicas dos licitadores que dispoñan dun centro médico-sanitario máis próximo ao concello. Tomarase como punto de partida o edificio da casa do concello. Polo tanto, valorarase con maior puntuación a aqueles licitadores que na súa proposta técnica dispoñan e ofrezan un centro médico-sanitario fisicamente máis próximo ao edificio principal do concello (edificio do Pazo de Raxoi na Praza do Obradoiro, s/n), e que polo tanto permitirán a realización dos recoñecementos médicos do persoal coa menor perda de tempo de traballo en desprazamentos.

- A unha distancia inferior a 1 km.24 puntos.
- A unha distancia de 1 km ou máis e inferior a 2 km.....20 puntos.
- A unha distancia de 2 km ou máis e inferior a 3 km.....15 puntos.
- A unha distancia de 3 km ou máis e inferior a 6 km.....10 puntos.
- A unha distancia de 6 km ou máis.....5 puntos.

OFERTA DE MGO BY WESTFIELD:

MGO by WestField recolle na súa documentación que ten un centro propio de atención sanitaria en Santiago de Compostela no seguinte enderezo:

Avenida da Liberdade, nº 11, baixo (Santa Marta)
15706 - Santiago de Compostela.



OFERTA DE GEROSALUD.

GEROSALUD recolle na súa documentación que ten un centro propio de atención sanitaria en Santiago de Compostela no seguinte enderezo:

Rúa Pintor Xaime Quesada, 2-4.
15702 – Santiago de Compostela.

OFERTA DE PREVISIONOR.

PREVISIONOR recolle na súa documentación que ten un centro propio de atención sanitaria en Santiago de Compostela no seguinte enderezo:

Avenida de Lugo, 145 – baixo.
15703 – Santiago de Compostela.

OFERTA DE UNIPRESALUD.

UNIPRESALUD recolle na súa documentación que ten un centro propio de atención sanitaria en Santiago de Compostela no seguinte enderezo:

Rúa Galeras, 34 – Locais 8-10.
15705 – Santiago de Compostela.

VALORACIÓN DAS OFERTAS NO TERCEIRO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN:

Vistas as catro propostas, empregando como referencia orientativa a ferramenta "Google Maps" para axudar a determinar as distancias a pé dende a Praza do Obradoiro ate a clínica médica onde se realizan os recoñecementos médicos do persoal municipal, os resultados ordeados por distancia son os seguintes:

- UNIPRESALUD a 450 metros.
- PREVISIONOR a 1,5 quilómetros.
- GEROSALUD a 1,7 quilómetros.
- MGO by WestField: a 2,2 quilómetros.

Tendo en conta o exposto, a proposta de valoración de puntos para este terceiro criterio é a seguinte:

MGO BY WESTFIELD.	15 puntos.
GEROSALUD.	20 puntos.
PREVISIONOR.	20 puntos.
UNIPRESALUD.	24 puntos.

A puntuación total das catro ofertas, sumando as puntuacións parciais dos tres criterios de adxudicación e valoración que establecen os pregos, quedaría da seguinte forma:

	1º CRITERIO: Oferta económica PUNTOS	2º CRITERIO: Melloras Gratuítas PUNTOS	3º CRITERIO: Proximidade PUNTOS	SUMA TOTAL DE PUNTOS
MGO BY WESTFIELD	66	7	15	88 PUNTOS
GEROSALUD	64,77	10	20	94,77 PUNTOS
PREVISONOR	61,95	5	20	86,95 PUNTOS
UNIPRESALUD	47,63	4	24	75,63 PUNTOS

A maior puntuación total de acordo cos criterios existentes de valoración para esta licitación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais para o Concello de Santiago de Compostela, de entre as catro ofertas, corresponde á proposta de:

GEROSALUD (CLÍNICA GAIAS), con 94,77 puntos.

A relación das ofertas ordeadas de maior a menor puntuación é a seguinte:

- 1º) GEROSALUD (CLINICA GAIAS).....94,77 PUNTOS.
- 2º) MGO BY WESTFIELD.....88 PUNTOS.
- 3º) PREVISONOR.....86,95 PUNTOS.
- 4º) UNIPRESALUD.....75,63 PUNTOS.

O que se informa á Mesa de Contratación aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016.

O XEFE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DE
RISCOS LABORAIS,



Xaime Daniel Lugilde Fonseca



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC	
Documento CON10I0MW	Expediente CON/6/2016



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 69.378,91 €/ano euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 2 de agosto de 2016, ás 9:45 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª María Rozas Pérez

Vocais: Dª. Concepción Fernández, representante do grupo CA.
Dª. María Corral, representante do grupo PP
Dª Inmaculada Viña, Interventora xeral Municipal.
D. Xaquín Monteagudo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **GEROSALUD SL** (CLINICA GAIAS), consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA